

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE
DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 11-2024). FINANCIAMENTO POR
PARTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO, EN RELACIÓN COS
INVESTIMENTOS A EXECUTAR CON CARGO AO "PLAN PROVINCIAL ÚNICO
DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024"**

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 550.000 € en base ao Acordo Plenario favorable da Excma. Deputación de Lugo, con cargo ao "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024" (importe total do gasto subvencionable é de 591.796,69 €, cun coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial do 0,9273%), así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Deputación Provincial, que obra no expediente, propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

En base ao escrito remitido a este Concello, asinado polo Presidente da Excma. Deputación de Lugo, don José Tomé Roca, o 01.04.2024, no que se pon de manifesto o seguinte:

- 1) Que o Pleno da Deputación, en sesión ordinaria celebrada o 26.03.2024, aprobou as bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024.
- 2) Que na páxina web desta Deputación se publicou o plan, cos investimentos e actuacións/actividades/eventos inicialmente incluídos no Plan por cada Concello, segundo acordado polo Pleno.
- 3) Que unha vez entre en vigor a modificación de crédito aprobado polo Pleno do 26.03.2024, e publicada inicialmente no BOP do 30.03.2024, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades incluídas no plan, a Deputación estará en disposición de tramitar os anticipos previstos nas Bases do Plan, unha vez solicitados polos concellos, nos termos establecidos nas bases.

Tendo en conta o interese na execución dos citados programas, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Excma. Deputación Provincial.(Importe total do gasto subvencionable é de 591.796,69 € cun coeficiente de Finanzamento Afectado Global Inicial do 0,9237%).

-Proposta da Excma. Sra Alcadesa do 31.05.2024 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-06-03 20:39:11.00)

CVD: WBXGPEyfvjIVZsELz6+

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 5319/2024

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac9167939517275889303.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2024 PLAN PROV ÚNICO 2024

executividade dos recursos afectados:

PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA. ASUNTO. Expediente de xeración de crédito nº 11/2024

Antecedentes

- Escrito remitido a este Concello, asinado polo Presidente da Excma. Deputación de Lugo, don José Tomé Roca, o 01.04.2024, no que se pon de manifesto o seguinte:

"1) Que o Pleno da Deputación, en sesión ordinaria celebrada o 26.03.2024, aprobou as bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024

2) Que na páxina web desta Deputación se publicou o plan, cos investimentos e actuacións/actividades/eventos inicialmente incluídos no Plan por cada Concello, segundo acordado polo Pleno.

3) Que unha vez entre en vigor a modificación de crédito aprobado polo Pleno do 26.03.2024, e publicada inicialmente no BOP do 30.03.2024, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades incluídas no plan, a Deputación estará en disposición de tramitar os anticipos previstos nas Bases do Plan, unha vez solicitados polos concellos, nos termos establecidos nas bases.

- BOP número 98 do 27.04.2023, no que se publica a aprobación definitiva da "Modificación do orzamento da Deputación 2024, vía transferencia e Suplemento de Crédito para PU2024", ao non presentarse alegacións á aprobación inicial do Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria do 30.03.2024.

- Providencia da Tenenta de alcaldesa da área de Cohesión Social e Territorial, Ana María González Abelleira, de solicitude de expediente de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de crédito, polo importe de 550.000 €, en base á subvención anteriormente sinalada.

Tendo en conta o interese na execución dos citados programas, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Excma. Deputación Provincial.

Propónse a tramitación do expediente administrativo de modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito, segundo o seguinte teor e creando a tal efecto as aplicacións orzamentarias, de ser o caso, e os Códigos de Proxectos seguintes:

INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	IMPORTE TOTAL
Abastecemento de auga na Parroquia de Pías (Fase 2) incluído honorarios	0	91.261,07	91.261,07
Abastecemento de auga ao núcleo de Cimadevila (Fase 3) incluído honorarios	0	62.275,36	62.275,36
Rede de saneamento no núcleo de Saamasas, incluído honorarios	41.796,69	60.874,72	102.671,41
Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica o núcleo rural de Calde, incluído honorarios	0	43.546,12	43.546,12
Acondicionamento e mellora do firme do camiño do Souto coa rúa Garaballa de Abaixo, incluído honorarios	0	24.052,81	24.052,81
Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que	0	120.800,12	120.800,12

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac9167939517275889303.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2024 PLAN PROV ÚNICO 2024

INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	IMPORTE TOTAL
comunica a N VI coa estrada LU P-2902 atravesando Guntín, incluído honorarios			
Acondicionamento e mellora do firme da estrada que comunica a LU-612 cos núcleos de Barreiro, Faxilde e Cuiña (Saa), incluído honorarios	0	110.565,27	110.565,27
Execución de obra de paso sobre o rego de Pías no cruzamento da estrada que comunica a igrexa da parroquia de Veral coa parroquia de Orbazai, incluído honorarios	0	36.624,53	36.624,53
TOTAL INVESTIMENTOS	41.796,69	550.000	591.796,69

- ☐ Investimentos :
- **Plan Provincial Único cos Concellos 2024**
- ☐ Importe total **Gasto subvencionable: 591.796,69 €.** co seguinte desglose
 - Aportación Deputación Provincial: 550.000,00 €
 - Aportación Municipal: 41.796,69 € (Préstamo 2024 Caixa Rural)
- ☐ Coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 0,9273%
- ☐ Observacións: Finanzamento.
- ✓ Xeración de crédito: 550.000,00 €.

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-

Concepto	Código proxecto	Importe
76100	24XX00037	550.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
45910.61900	24XX00037	550.000,00 €

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/799 do 03.06.2024.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 11/2024), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac9167939517275889303.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2024 PLAN PROV ÚNICO 2024

códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-

Concepto	Código proxecto	Importe
76100	24XX00037	550.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
45910.61900	24XX00037	550.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.